



Creado en 2001 por iniciativa da Xunta de Galicia e do entón Ministerio de Ciencia e Innovación, é unha institución pública que traballa pola mellora do medio mariño e dos seus recursos, e polo fortalecemento dun sector marítimo-pesqueiro máis competitivo e sostible.

Somos un espazo de encontro interinstitucional e interdisciplinar, que promove a innovación, a eficiencia e a cooperación entre administración, industria, academia e sociedade, tanto a nivel local coma internacional.

25 anos de experiencia

Impulsando proxectos de investigación e innovación (I+D+i) e de cooperación internacional, relacionados coa economía azul, a formación, as tecnoloxías mariñas, a transferencia de coñecemento, a loita contra a contaminación mariña ou a adaptación ao cambio climático.

Equipo multidisciplinar

Graduadas en Bioloxía, Oceanografía, Ciencias do Mar, Economía, Ciencias Políticas, Dereito, Enxeñería, Xornalismo, Antropoloxía.

Rede de socios internacional

Universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, administracións públicas, ONG, empresas e sector marítimo pesqueiro.

Celebramos o aniversario de CETMAR como unha oportunidade para amosar o traballo do centro á cidadanía e compartir coñecemento con profesionais e investigadores de referencia.

cetmar.org
[@fundacioncetmar](https://twitter.com/fundacioncetmar)
C/ Eduardo Cabello S/N 36208 Vigo

Rosa Chapela · Directora xerente
direccion@cetmar.org

Coa colaboración de:



25 anos de CETMAR

Ondas de coñecemento

Mares de innovación

Vigo · 23 de xuño 2026

DIÁLOGOS DO MAR



DIÁLOGOS DO MAR

25 anos impulsando o noso medio mariño

CETMAR · Vigo · 23 de xuño 2026

Conversas entre persoal traballador do centro e persoas expertas colaboradoras, abertas á participación do público.

10:00 - 10:30 | Apertura institucional

- **Marta Villaverde**, Conselleira do Mar.
- **Rosa Chapela**, Directora-xerente de CETMAR.

10:30 -11:45 | A Dimensión humana do mar: relevo, talento e ADN do noso sector

O papel das persoas na pesca, acuicultura e transformación ante os retos demográficos e económicos.

- **Gonzalo Rodríguez**, Profesor de Economía Pesqueira na USC.
- **Mercedes Rodríguez**, Xerente adxunta en ARVI.
- **José Luis Santiago**, Coordinador Área Socioeconomía da Pesca en CETMAR.

11:20 - 12:05 | Unindo forzas contra a contaminación mariña: o océano como desafío común

Mesa redonda sobre prevención e resposta á contaminación mariña na que se debaten estratexias ante a contaminación accidental, plásticos e contaminantes emerxentes.

- **Garbiñe Ayensa**, Xefa da Unidade de Apoio Científico en INTECMAR.
- **María Luisa Fernández**, Coordinadora Área Control e Xestión do Medio e os Recursos Mariños en CETMAR.

12:10 - 13:00 | Cooperación ao desenvolvemento e talento sen fronteiras

A transferencia do *know-how* galego a países terceiros e a internacionalización de nosos expertos, Galicia como faro: Transferindo o modelo de xestión pesqueira.

- **Representante de Cooperación Galega.**
- **María Eugenia Paz Costoya**, Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior
- **Guadalupe Martín**, Coordinadora Área Cooperación Internacional en CETMAR.

13:00 - 13:15 | Conclusións e peche

Resumo dos desafíos para os próximos 25 anos.

13:30 | Viño galego